

Comunicado nº 328/16
28 de decembro de 2016

❑ **COMISIÓN GALEGA DE AUTOCROSS 2017 (ANTREPROYECTO)**

Pola inmente posta en marcha do novo campionato 2017, ante as dúbidas suscitadas da nova categoría ata 1.600 c.c., vehículos de estricte serie (agás da anulación do catalizador), e do vaciado do interior do vehículo coa salvedade do mantemento do cadro de reloxos e salpicadeiro do vehículo de orixe, como da instalación de asento tipo baquet (homologado), cinto tipo arnés (homologado), de barras de seguridade (homologadas), volante de competición (homologado), así como da instalación de calquera equipo de extinción (tipo A, B, ou C) dos admitidos polo Anuario 2017.

Así mesmo só se admiten lamias dun máximo de 14 pulgadas, e pneumáticos dun máximo de 165/70 R14.

A Federación Galega de Automobilismo está a negociar coa empresa “Pirelli Neumáticos S.A.U.”, e coa rede de distribución Driver de Galicia, a implantación dun pneumático único (modelo T de medida 165/70 R 14 T6), que no mercado está por enriba dos 200euros + I.V.E. a un prezo final dentre 110 e 120 euros + I.V.E., prezo por pneumático, con distribución e monta gratis na rede Driver de Galicia. O pneumático e simétrico, brando, non é direccional, e só se poderán utilizar/mercar 4 pneumáticos por proba do campionato de Galicia de Autocross 2017.

A partir do día 2 de xaneiro publicarase o Anuario 2017, e completarase a nova categoría cun complemento definitivo a publicar no mes de xaneiro de 2017.

